



Concello de Vigo

YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 16 de xuño de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

3.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NOS GOBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. EXPTE. 225839/301.

Visto o informe xurídico do 23/05/2022 e o informe de fiscalización do 09/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área e a concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. INFORME

Tramitado polo Servizo de Benestar Social o correspondente expediente de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2022, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.11.2021 aprobáronse as bases e a convocatoria de «SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2022. CONCELLO DE VIGO (POLITICA DE BENESTAR SOCIAL)» e os seus Anexos I – V (BOP nº 235, do 03.12.2021 e extracto no BOP nº 2, do 04.01.2022).

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, o órgano instrutor, vista a proposta non vinculante de valoración realizada pola «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento» de data 10.05.2022, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detalla a proposta de concesión de subvencións.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó gasto representado pola resolución desta convocatoria de subvencións na aplicación nº 2310.480.00.01 (“Convocatoria subvencións cooperación”) do vixente orzamento de gastos (60.000€). Existe tamén documento contable RC202200035822 por esa mesma contía.

I.4. As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000€ por cada proxecto subvencionado (Base 5ª, *in fine*). O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes, seleccionando ós seis (6) proxectos que obtiveron as maiores puntuacións (90 ptos. ou máis).

I.5. As entidades solicitantes presentaron as correspondentes certificacións de estaren ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 22:29	Páxina 1 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A2AB41-E93C8B-BF3F52-S87U7H-KAQF8E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Convocatoria subvencións cooperación”) do vixente orzamento, a cantidade de 59.783,50 € en concepto de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2022, segundo o seguinte detalle:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	Puntuación	SUBVENCIÓN
FUNDACION PROCLADE	G81364457	Agua Limpia y Saneamiento. Empoderamiento de la población haitiana de Sabambon para la captación, gestión y consumo de agua pluvial- HAITÍ CONSTRUCCIÓN de DOS TANQUES DE AGUA	94,5	10.253,25
MANOS UNIDAS-COMITECATOLICO DE LA CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE EN EL MUNDO	G28567790	Mujeres empoderadas en la defensa de la soberanía alimentaria en los municipios de Alegría y Berlín departamento de Usulután .EL SALVADOR. ESCOLAS DE CAMPO	93	10.090,50
ASOCIACION AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES	G27794445	AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES – PERÚ	91,5	9.927,75
MALEMBE	G27855220	VIGO POR EL CONGO 2022	91,5	9.927,75
ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA	G32242422	Apoyo a la mejora de la competitividad y eficiencia productiva de emprendimientos liderados por mujeres asociadas a tres cooperativas de Chinandega. NICARAGUA.	90,5	9.819,25
SOLIDARIDAD EDUCACION Y DESARROLLO	G80547565	"Promoción del ODS4: Educación de Calidad, entre la infancia y juventud en EI SALVADOR , con el fin de prevenir su participación en maras y otros grupos delictivos"	90	9.765,00
			551	59.783,50
			108,50	

SEGUNDO: As entidades que non obteñen subvención con cargo a esta convocatoria de 2022 de «SUBVENCIÓN A ORGANIZACIÓN NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL (2022)», por acadar unha puntuación inferior ás seis (6) anteriores, son as nove (9) que se relacionan na seguinte Táboa:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 22:29	Páxina 2 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A2AB41-E93C8B-BF3F52-S87U7H-KAQF8E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	Puntuación
ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO (ACOES, GALICIA CON HONDURAS)	G15730542	Centro "Santa Mónica": Proyecto de prevención social en niños y jóvenes de grupos en situación de riesgo de exclusión social a través de un programa de educación inclusiva en áreas urbanas empobrecidas en Tegucigalpa (HONDURAS)	89
AZADA VERDE	G87905634	Garantizando los derechos básicos de 202 niños y niñas huérfanas – MOZAMBIQUE	88,5
FUNDACION ENTRE CULTURAS - FE Y ALEGRIA	G82409020	Prevención del fracaso escolar en estudiantes indígenas de nivel secundario de zonas rurales de BOLIVIA: superación de interferencias y diglosia en el bilingüismo quechua-español.	88
COOPERACION VICENCIANA PARA EL DESARROLLO - ACCION MISIONERA VICENCIAN	G81596231	Reactivación de proceso productivo piscícola para facilitar una alimentación adecuada de la población de Sacaba, BOLIVIA.-.	87
ASOC DE INGENIERIA SIN FRONTERAS GALICIA	G36774271	Proxecto de mellora da disposición sostible de alimentos e recursos económicos de 30 familias vulnerables do municipio de Nacaome, HONDURAS.	86,5
FUNDACION MATRIX, INVESTI. DESAR.SOSTENI	G36984367	Seguridade alimentaria, agricultura sostible e conservación da biodiversidade no Parque Natural do Monte Gordo e a súa zona de influencia socioeconómica (São Nicolau, CABO VERDE)	86
SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	G-36833648	Fortalecimiento de la gobernanza hídrica y ambiental a nivel municipal y comunitario, de manera resiliente, sostenible e igualitaria entre hombres y mujeres, en La Palma y San Ignacio, Chalatenango, El SALVADORr.	82
ASAMBLEA DE COOPERACION POR LA PAZ	G80176845	Fortalecer as capacidades das mulleres e as súas organizacións nos municipios de Zacatecoluca e San Pedro Masahuat (O SALVADOR) para a participación e incidencia na prevención das violencias contra as mulleres. -	82
ASOC HARAMBEE	G85133759	Reducir los índices de mortalidad de las mujeres embarazadas y niños recién nacidos de los barrios de Kindele y Kimbondó en Kinshasa (R.D.CONGO)-.	76,5

TERCEIRO: Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 22:29	Páxina 3 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A2AB41-E93C8B-BF3F52-S87U7H-KAQF8E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 22:29	Páxina 4 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A2AB41-E93C8B-BF3F52-S87U7H-KAQF8E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		